

A GLOBALIZACIÓN E O TREN DA HISTORIA (I)

No debate entre os defensores da globalización e o movemento ‘antiglobalización’ ou ‘altermundista’ probablemente ambos teñan a súa parte de razón, ó tempo que erran noutras apreciacións. Por unha banda, os defensores da globalización confunden causa con efecto: *“a globalización é beneficiosa, velaí internet, as melloras no transporte, nas telecomunicacións, etc”*. Pero non foi a globalización quen trouxo internet ou o progreso tecnolóxico, senón ó revés. Do mesmo xeito, ir contra o proceso globalizador é absurdo en si mesmo: moitas das mudanzas son xa irreversíbeis. Qué pretendemos facer agora? Pechar fronteiras? Viaxar en carabelas e carretas tiradas a cabalo?

A globalización trae aparelada consigo un proceso de fusión multicultural que para pequenas sociedades como a nosa non debe representar unha ameaza, máis ben unha oportunidade histórica. Por exemplo a Eurorexión que conformamos có Norte de Portugal ou a emerxencia de países de fala portuguesa como Brasil ou Angola deberían ser aproveitados como estratexia de desenvolvemento económico. Abandonaríamos así dunha vez por todas a nosa terca visión minifundista e localista, e botaríamos abaixo vellos conceptos decimonónicos daqueles quen nos ven como unha simple provincia dependente política e economicamente de Madrid.

Pero por outra banda, o comercio internacional e a ausencia de controis sobre o capital están a provocar tamén desaxustes que poñen de manifesto a necesidade de dotar a globalización económica dun regulamento común para corrixir os desequilibrios que provoca. Sirva como exemplo que nunca antes se repetiran as crises financeiras con tanta frecuencia como nestes últimos anos: en México (efecto Tequila), a crise asiática, Rusia ou Brasil a finais dos 90, Arxentina a primeiros deste século, a burbulla punto com, a burbulla inmobiliaria, ou a crise financeira global actual. Charles Bean (Bank of England) pon de manifesto que a globalización está funcionando no sentido contrario ó previsto: *“a integración na economía global de China, India ou Brasil debería conducir cara elas os fluxos de capital das economías avanzadas para proporcionar os investimentos que esas economías precisan. Pola contra, vemos que son China e outros países emerxentes quen exportan capital a USA ou Europa”*. Así, o motor do crecemento económico estes anos non foi tanto o librecomercio como o endebedamento masivo do sector privado -banca, empresa e economías domésticas- dos países desenvolvidos, financiado polos emerxentes que non son quen de investir nas súas propias economías a riqueza que xenera a estratexia das multinacionais de deslocalizar alí a súa produción.

Razóns de índole moral deberían ser suficientes para que no mundo do século XXI non se permitisen prácticas propias do século XIX: traballo infantil, salarios ínfimos, ausencia de garantías para os traballadores, destrución do medio... Por desgracia para algúns non é así, pero esta crise puxo de manifesto que ademáis de inmoral, esta estratexia é insostible. O profesor Martin Seco expresouno con habelencia no seu artigo [‘¿Quien comprará los juguetes?’](#): *“O 65% dos xoguetes que consumimos proveñen de China, onde para fabricalos traballan 12 horas ó día rapaces de entre 12 e 14 anos por un dólar ó día. A medida que as condicións laborais no primeiro mundo vaian deprimíndose para evitar a deslocalización, tamén se deprimirán aínda máis as do Terceiro Mundo para manter o ‘statu quo’. A globalización non promete aos rapaces chinos gozar un día do confort dos europeos, senón que serán os europeos os que rematen como os chinos. Pero entón, quen mercará os xoguetes?”*.

A GLOBALIZACIÓN E O TREN DA HISTORIA (II)

Para contrarrestar o argumento de que a globalización fainos percorrer o camiño inverso ao progreso, citan algúns a redución das desigualdades experimentada a nivel internacional durante estes anos. Por unha banda isto podería ser certo, pero fallaría demostrar que sexa consecuencia da globalización e non dun proceso de imitación tecnolóxica (ou ‘catch-up’, como fixeran Europa e USA tras Gran Bretaña na Revolución Industrial). E por outra banda, hai tantos estudos nese sentido como outros confirmando o enorme incremento das desigualdades sociais e diferenciais de renda nos países desenvolvidos por mor do progresivo desmantelamento do Estado do Benestar. Nos USA, por exemplo, entre 1979 e 2005 a renda do 1% da poboación máis rica incrementouse un 176%; o do 20% de poboación con menores recursos, un 6%.

Citan tamén a superioridade moral do modelo en base a que a ‘liberdade’ é supostamente o factor fundamental que o sustenta. Pero as normas que definen un mercado de ‘libre competencia’ son primeiro a liberdade para calquer empresa de poder acceder a el, e segundo que ditas empresas non teñan poder de mercado (que sexan ‘precio-aceptantes’). Algún dos lectores sería capaz de montar un banco mañán pola mañán? Ou por que Telefónica botou un pulso durante meses á PT para entrar no mercado brasileiro a través da compra de Vivo, se podía igualmente montar unha empresa ‘desde cero’? O que este modelo garante é a perpetuación do poder económico dominante, porque o poder de mercado que teñen as grandes multinacionais na economía global é abismal. A libre competencia dáse cando 30 panadeiros venden pan nunha mesma bisbarra, non cando 3 ou 4 empresas de telefonía se reparten o 99% do mercado europeo. Máis aínda, cando algunha desas empresas non resiste as súas propias malas prácticas (AIG, General Motors, boa parte da banca internacional), entón caemos na conta de que son ‘demasiado grandes para caer’ e hai que acudir ó rescate delas.

Algúns viron no movemento globalizador “*o fin da Historia*”. Os acontecementos dos últimos anos, porén, parecen sinalar que o tren da Historia continúa o seu curso, haberemos de ver onde nos leva. A globalización será beneficiosa –como apuntamos no artigo [‘Pedagogía fiscal’](#) sobre os mercados de capitais- se impedimos que se xogue ao mesmo xogo a nivel internacional con regras de xogo distintas para cada participante. Necesitamos uniformizar e simplificar procedementos e regulacións internacionais, equiparar as condicións de competitividade a niveis humanamente dignos, e universalizar o recoñecemento dos dereitos fundamentais das persoas e dos traballadores. Senón, este camiño conduce de volta á Idade Media, primeira estación século XIX.

Remato con outra cita, esta vez de Marcelino Fdez. Mallo nun artigo seu en Vieiros no punto álxido da crise financeira en 2008, [‘A refundación do capitalismo’](#): *Estamos dispostos a renunciarmos ó dominio absoluto de ricos sobre pobres? A redefini-la globalización? A revisa-la posición de dominio das grandes multinacionais? Ou a restrinxi-lo comercio cos países que non asuman condicións éticas de traballo e ambientalmente sostibles? Estamos dispostos a cancela-los paraísos fiscais e demais instrumentos de evasión de impostos? A eliminar a especulación sobre bens de primeira necesidade coma alimentos ou enerxía? A limita-la actividade dos hedge-funds a operacións de cobertura de risco? Cando teñamos respondido estas e outras cuestións similares, estaremos en condicións de pensar nunha nova orde mundial. Namentres, seguiremos de convidados desta penosa “lumeirada de vaidades” que non se apaga nin sequera en época de crise mundial.*